

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 5 DE OUTUBRO DE 2015

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 5 de outubro de 2015

HORA DE COMEZO: 20:35 h.

HORA DE REMATE: 21:30 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D. Héitor Mera Herbello, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria acctal., D^a María Rodríguez Gómez e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2015

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 28 de outubro de 2015

URBANISMO E PATRIMONIO

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 1 DE OUTUBRO DE 2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no Concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación o proxecto e a licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e construtor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen

na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 21.935.- LICENZA MUNICIPAL Nº 21.324.- A M. O. F. e X. H. V. V., modifícaselle a referida licenza no sentido en que tamén se autoriza a construción da piscina que figura no proxecto presentado.

EXPEDIENTE Nº 24.536.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.542.- A IMPERNOSA, S.L., modifícaselle a referida licenza no sentido en que tamén se autoriza un muro de contención e cerramento de 148,00 metros, de conformidade coa documentación técnica dos arquitectos, Roi Abal, María Fernández e Arturo Lagoa, do 22 de marzo de 2015.

EXPEDIENTE nº 25.649.- A L. B. P., para en Camiño Castro Erbelo, nº 9-Aldán, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 11, rehabilitar a vivenda en 56,40 m²., de planta baixa e outros tantos de primeiro andar, de conformidade co proxecto do arquitecto, Aaron Vilas Otero, visado o día 25 de agosto de 2015, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

2.A.2) LICENZAS PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 23.548.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR "VELAZQUEZ INMOBILIARIA, S.L."

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto pola arquitecta da Oficina de Rehabilitación o día 30 de setembro de 2015, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a "VELAZQUEZ INMOBILIARIA, S.L.", para rehabilitación e ampliación para edificación de baixo comercial e seis oficinas en Rúa Saralegui, nº 28-Cangas, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 23.123.

2.A.3) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 23/2013.- Con relación na solicitude de autorización previa para instalación de unha piscina, promovido por A. C. B. en Subida a Couso, nº 136-Vilanova-O Hío, en solo non urbanizable de protección de espazos naturais, a Xunta de Goberno Local ADOPTOU o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Informar favorablemente o expediente de autorización autonómica de A. C. B., no senso de tramitar en solo rústico de protección de espazos

naturais autorización autonómica para instalación de unha piscina en predio sito en Subida a Couso, nº 134-Vilanova-O Hío, de conformidade co proxecto do aparelador, Rafael Soliño Costas, de setembro de 2013, o uso é autorizable pola comunidade autónoma en virtude do disposto nos artigos 33 e 39 e a DT 1 f) da LOUGA.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

Dase conta a Xunta de Goberno Local das seguintes comunicacións previas:

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.331.- "BUTANO Y PROPANO ESTEVEZ VILAS, S.L.", instalación de subministración de gas na Boubeta-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.543.- J. A. P., cerramento nas Barreiras-Liméns-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.581.- M. R. P., cerramento na Avda. Xosé Novas-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 25.639.- M. Q. P., cerramento en Xistro, nº 1-Coiro.

EXPEDIENTE nº 25.644.- M. D. I. S., cerramento en Cunchido de Arriba, nº 21-Darbo.

ACTIVIDADES

EXPEDIENTE Nº 1.602.- "TENTANDA, S.L.U.", venda de servizos de telecomunicación en Rúa Fomento, nº 43-B-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.738.- M. C. J. G., perruquería na Avda. de Ourense, nº 31-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.804.- J. A. P. F., comercio para venda polo miúdo de sementes, abonos, plantas, frores e pequenos animais na Avda. de Ourense, nº 23-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.820.- "O COLMADO DE MARUJAMARIA, C.B.", tenda alimentación e artesanía na Avda. de Marín, nº 19-B-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.838.- V. R. V., oficina técnica na Avda. de Marín, nº 6-entrecán dereita-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.843.- DOS CHATA C.B., bar-tapería en Rúa Alfredo Saralegui, nº 28-baixo-Cangas.

4º .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

4.A) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 11/2015-S

Dáse conta de proposta do instrutor do día 28.9.15, referente ao expediente de infracción urbanística nº 11/2015-S, que é como segue:

"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 11/2015-S

PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 13 de xullo de 2015, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de 'Veiga do Lago, C.B.', e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Espiñeira-Aldán, obras consistentes en cubrición dun espazo de 81 m²., mediante unha estrutura metálica e panel tipo sandwich, sendo a construción de carácter legalizable.

SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, a persoa interesada non formula alegacións ao expediente sancionador dentro do prazo conferido.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como leve, segundo o determina o artigo 217.4 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que 'Veiga do Lago, C.B.', na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/2002, e 55 do Regulamento de disciplina urbanística, a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se retire, e o suficiente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía 1250 euros. Indicar ao interesado que por legalizar as obras realizadas antes da resolución do presente expediente reducíuse a contía da sanción nun 80%.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.d. 1398/93, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.

Visto o Decreto da Alcaldía do día 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

** Impoñer a 'Veiga do Lago, C.B.', na súa calidade de promotor, unha multa sancionadora de DOUSCENTOS CINCUENTA (250,00) euros, por infracción ao ter cometido obras no lugar de Espiñeira-Aldán, consistentes en realizar a cubrición dun espazo de 81 m2., mediante unha estrutura metálica e panel tipo sandwich.*

O que se lle notifica, significándolle que dispoñen do prazo de 15 días, dentro do cal poderán formular as alegacións e presentar os documentos e informacións que estimen pertinentes, para tales efectos, ponse de manifesto o expediente para que poidan examinalo e, de ser o caso, obter as copias dos documentos que constan neste durante o expresado prazo, de conformidade co disposto no artigo 19 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Una vez concluído o mencionado prazo, a proposta de resolución será elevada ao órgano competente para resolver o procedemento, xunto cos documentos, alegacións e informacións que consten neste. De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ao interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 11/2015-S.

4.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 16/2015-S

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 23.9.15, referente ao expediente de infracción urbanística nº 16/2015-S, que é como segue:

"EXPEDIENTE Nº 16/2015

PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Resultando que no lugar de Gandón-Aldán, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar unha escavación con cambio de rasante natural.

Resultando que o día 7 de setembro do 2015 a Xunta de Goberno Local concede CP nº 24422 para legalizar as referidas obras.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, J. A. D., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 217.4 da mesma norma.

Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística, circunstancias agravantes.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros, de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02, indicándolle ao infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, do 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.d. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime local.

Visto o Decreto da Alcaldía do día 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Mariano Abalo Costa e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.d. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 16 de xuño de 2011.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a legalización das obras, antes da resolución do presente expediente, reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de QUINCE DÍAS a contar desde o seguinte ao da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ao respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.d. 1398/93.

OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso ningún, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 16/2015-S.

4.C) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 43/2009-S

Dáse conta de proposta do instrutor do día 27.9.15, referente ao expediente de infracción urbanística nº 43/2009-S, que é como segue:

"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 43/2009/S

PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE ARQUIVO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR POR CADUCIDADE

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Vilanova-O Hío, consistentes en: realizar unha edificación de aproximadamente 25,00 metros a menos de 3,00 metros dos lindeiros, iníciase procedemento sancionador polos feitos mencionados, o día 21 de abril de 2014, dos que resulta responsable M. C. O. P.

Visto que o día 25 de maio de 2015 a Xunta de Goberno Local acorda impoñer unha sanción de SEIS MIL UN EUROS (6001,00 €).

Considerando que o artigo 223 da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia dispón, que o prazo para resolver o procedemento sancionador será de un ano, contado desde a data da súa iniciación. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que se ditase resolución producirase a caducidade do procedemento.

Resultando que o día 22 de setembro do 2015, recibíuse do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2, de Pontevedra, oficio requirindo a remisión do expediente nº 43/2009. Revisado este compróbase o transcurso do prazo máximo sinalado no artigo 223 para resolvelo.

Visto o Decreto da Alcaldía do día 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar a caducidade do expediente sancionador Nº 43/2009/S incoado a M. C. O. P. en concepto de promotora, procedendo ao arquivo deste e a anulación da liquidación nº 1560000015.

SEGUNDO.- Ordenar se procede, a INCOACIÓN de un novo procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución, de conformidade co artigo 223.3 da Lei 9/2002.

TERCEIRO.- Notifíquese o acordo aos interesados."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 43/2009-S.

4.D) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 13/2012-S

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 25.9.15, referente ao expediente de infracción urbanística nº 13/2012-S, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE Nº 13/2012/S

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Mendiúña-Aldán consistentes en: realizar muros de contención e cerramento de pedra, así como movementos de terras.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por ser incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamiento do Municipio de Cangas, ordenanzas de aplicación epígrafe 2.12 das normas urbanísticas.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, M. L. H. C., promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 217.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.1 .b) da referida Lei 9/02, indicándolle ao infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, do 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.d. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de bases de Réxime local.

Visto o Decreto da Alcaldía do día 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Mariano Abalo Costa e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.d. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación do día 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.d. 1398/93.

OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso ningún, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 13/2012-S.

4.E) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 3/2014-S

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 25.9.15, referente ao expediente de infracción urbanística nº 3/2014-S, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE Nº 3/2014

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Rabáns-Vilanova, consistentes en: realizar muros de contención de 2 metros de alto a menos de 4 metros do eixo do camiño, sen realizar cesión ao viario.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data do 24 de abril de 2015, ha de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por seren incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas, título V, sistema viario.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, A. Á. S., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 217.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.l.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ao infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de disciplina, así como na Lei 30/92, do 26 de novembro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, do 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.d. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime local.

Visto o Decreto da Alcaldía do día 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Mariano Abalo Costa e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.d. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación do día 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ao respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.d. 1398/93.

OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso ningún, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 3/2014-S.

FACENDA

5º .- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

5.A) DACIÓN DE CONTA DA PA 211/2014 SENTENZA 204/2015 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 3

Dase conta de sentenza nº 204/2015 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3, promovida por M. F. N. N.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 204/2015 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, promovida por M. F. N. N.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Urbanismo.

5.B) DACIÓN DE CONTA DO PO 224/2013 SENTENZA 168/2015 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1

Dase conta de sentenza nº 168/2015 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1, promovida por T. J. P.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 168/2015 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, promovida por T. J.P.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Urbanismo.

5.C) DACIÓN DE CONTA DO PO 558/2014 SENTENZA 164/2015 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1

Dase conta de sentenza nº 164/2015 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1, promovida por V. V. M.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 164/2015 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, promovida por V. V. M.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Urbanismo.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

6º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/ RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta da traballadora social de servizos sociais comunitarios do Centro Municipal de Benestar Social, do día 29.09.15, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"Que o usuario d S.G.H. beneficiario do Servizo Municipal de Axuda no Fogar (libre concorrência) con expediente nº 36008/02/000593 causou baixa no Servizo o día 29 de setembro 2015."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

7º.- PROPOSTA DO CONCELEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE, S/ BONIFICACIÓNS NA TAXA DE SOLICITUDES DO PROGRAMA DE "OBRADOIRO E CURSO PARA PERSOAS MAIORES NO PERÍODO 2015/2016.

Examinada a proposta do Concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, do día 01.10.15, relativa a bonificacións na taxa de solicitudes do programa de "Obradoiro e curso para persoas maiores no período 2015/2016, que di:

"PROPOSTA DE BONIFICACIÓN DA TAXA NOS OBRADOIROS DE LECER PARA PERSOAS MAIORES NO PERÍODO 2015/16

Tomás Hermelo Álvarez, Concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade do Ilmo. Concello de Cangas,

PROPÓN á Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte proposta:

** Concesión de bonificación sobre a taxa establecida de TRINTA EUROS (30,00 €) para as 5 seguintes peticións recibidas durante o prazo de presentación das solicitudes do Programa de 'Obradoiro e curso para persoas maiores no período 2015/2016', segundo o acordo aprobado pola Xunta de Goberno Local.*

Nº Orde	Solicitante DNI	Ingresos IRPF-2014	Renda per cápita mensual	Proposta de Resolución	Taxa a aboar por obradoiro
1	35279378T	Non constan datos	399,38 €/mes RISGA	Bonificación do 100% da taxa	0,00 €
2	78732046X	6.057,84 € Venda terreo	504,82 €/mes Sol. RISGA Xullo-2015	Bonificación do 100% da taxa	0,00 €

3	76834348L	8.633,39 €	719,45 €/mes	Bonificación do 66,66 % da taxa	10,00 €
4	76830167R	8.633,39 €	719,45 €/mes	Bonificación do 66,66 % da taxa	10,00 €
5	76833774C	13.867,10 €	1.155,59 €/mes	Bonificación do 30 % da taxa	21,00 €
6	35265098A	11.313,94 €	942,83 €/mes	Bonificación do 50 % da taxa	15,00 €."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

ENSINO E DEPORTE

8º.- SOLICITUDE DE EXENCIÓN DE PAGO DE MATRÍCULA DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA DE CANGAS, POR TER ACADADO A CUALIFICACIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA

Examinada a solicitude presentada o día 6.07.15, por P. B. D., relativa a exención de pago de matrícula do Conservatorio de Música de Cangas, por ter acadado a cualificación de matrícula de honra.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, coa abstención do concelleiro Sr. García Bastón, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, a retirada deste punto da orde do día.

9º.- PROPOSTA DA DIRECTORA DO CONSERVATORIO E DA ESCOLA DE MÚSICA, S/ NOMEAMENTO DE CARGOS DIRECTIVOS

Examinada a proposta da directora do Conservatorio e da Escola Municipal de Música, do día 30.09.15, relativa ao nomeamento de cargos directivos, que di:

"Ma Jesús Torres Estarque, Directora do Conservatorio e da Escola Municipal de Música

EXPÓN

Unha vez contratado o profesorado para o presente curso 2015/2016 e ante a necesidade de cubrir os cargos directivos de xefe de estudos e de secretario dos dous centros

SOLICITA:

Que por parte do concelleiro se admita a nosa decisión de propoñer á profesora Rosario Entenza Mallo para ocupar o cargo de vicedirectora e de xefe de estudos do Conservatorio Profesional de Música de Cangas e da Escola

Municipal de Música 'Mestre Inocentes Camaño', e ao profesor Josepe Andoni Conde Villar, para ocupar o cargo de secretario, con efectos do día 1 de setembro de 2015 ."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

10º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ENSINO E DEPORTE, S/ 3ª PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR, CURSO 2015/2016

Examinada a proposta do concelleiro delegado de ensino e deporte, do día 1.10.15, relativa a aprobación da 3ª proposta de aprobación definitiva das axudas do servizo de comedor escolar, curso 2015/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar a 3ª proposta de aprobación definitiva das axudas do servizo de comedor escolar, curso 2015/2016.

MOBILIDADE E TRANSPORTE

11º.- SOLICITUDE DE SINALIZACIÓNS VARIAS

11.A) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
J. S. V.	Avda. da Coruña, nº 16 Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 705, concedido en X.G.L. do día 23.07.08 a J. S. V. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo. Así mesmo de acordo co informe da Policía Local do día 22.09.15, apróbese o pintado do bordo da beirarrúa.

11.B) SOLICITUDES DE BAIXA DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE

Examinada a solicitude presentada o día 7.09.15 por J. D. R., na que solicita a baixa do sinal de pasaxe permanente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o interesado está ó corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Que por parte do interesado se proceda á devolución da placa de referencia no Departamento de Tesourería.

TERCEIRO,- Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade cos artigos 3.1 e 3.2 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ó cobro a taxa correspondente.

11.C) SOLICITUDES DE REBAIXE DE BORDILLO E PINTADO DE ZONA RESERVADA

Examinada a solicitude presentada o día 18.09.15 por E. S. F., na que solicita o rebaxe do bordillo de pedra na entrada do seu garaxe sito en Rúa San José, nº 45-B, así como o pintado de zona reservada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de acordo co informe da Policía Local do día 22.09.15, acorda acceder ao solicitado.

11.D) PROPOSTA DE SINALIZACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL

Examinada a proposta da Policía Local do día 18.09.15 na que se sinala o tipo de sinalización para a zona da piscina municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda deixar este asunto sobre a mesa, para mellor estudo.

CONTRATACIÓN

12º.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DOS SERVIZOS DOCENTES E TÉCNICOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DA PISCINA CUBERTA DO CONCELLO DE CANGAS POR PROCEDIMENTO ABERTO

Este punto foi retirado da orde do día.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA S/CONVENIO CO MUSEO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA TRASLADO DE RESTOS ARQUEOLÓXICOS DO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DO FACHO

Examinada a proposta do concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística, referente a tramitación de convenio co Museo Provincial de Pontevedra para o traslado de restos arqueolóxicos do xacemento arqueolóxico do Facho, que é como segue:

"PROPOSTA PARA DESENVOLVER CONVENIO CO MUSEO PROVINCIAL E/OU DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA QUE SE TRASLADEN AO MUSEO PROVINCIAL OS RESTOS PROCEDENTES DO FACHO SITOS NO AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS

Héitor Mera Herbello, concelleiro de Cultura e normalización lingüística do Concello de Cangas, tendo coñecemento da existencia no Auditorio Municipal de Cangas de restos procedentes do Facho, querendo potenciar o seu coñecemento e a súa posta en valor, visto o seu estado de conservación e atendendo tamén ao feito de non estaren inventariados e estudados os restos citados, atendendo tamén ao feito de non considerar o lugar o máis axeitado para a súa conservación e coidado, PROPOÑO:

** Promover coa Deputación Provincial e co Museo Provincial de Pontevedra o traslado dos restos arqueolóxicos do Facho, gardados no soto do Auditorio Municipal, coa preceptiva información á Dirección Xeral de Patrimonio. Así mesmo, facelo coa condición de retornar, os restos arqueolóxicos do Facho, no momento que o concello teñan lugar no que expoñelos e conservalos en condicións."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística, referente a tramitación de convenio co Museo Provincial de Pontevedra para o traslado de restos arqueolóxicos do xacemento arqueolóxico do Facho.

B) INFORMES DE TESOURERÍA S/SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

B.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
M. C. P.	FIANZA	1.229,49 €	LICENZA DE OBRAS Nº 23.589
IMAXE URBÁ CANGAS, S.L.	AVAL	3.797,48 €	LICENZA DE OBRAS Nº 21.407
M. O. F. e X. H. V. V.	AVAL	3.028,11 €	LICENZA DE OBRAS Nº 21.935

C) PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE CULTURA S/APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA ORGANIZACIÓN DE PROGRAMAS PARA A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Dase conta de proposta do día 5 de outubro de 2015 do concelleiro de Cultura, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención concedida para organización de programas para a dinamización lingüística, que é como segue:

"PROPOSTA

Que en relación coa axuda concedida polo importe de MIL SETECENTOS DEZASETE EUROS (1.717,00 €), para a organización de programas para a dinamización lingüística no ámbito local, de conformidade coa solicitude formulada por este concello ao abeiro da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do día 28 de abril de 2015, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se establecen as bases para concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega.

Vista a memoria redactada polo técnico municipal, Estanislao Graña García, na que fai constar o desenvolvemento do programa e o cumprimento da finalidade da subvención concedida.

Visto o informe da Intervención Municipal da toma de razón na contabilidade das facturas que constan no expediente.

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida polo importe de MIL SETECENTOS DEZASETE EUROS (1.717,00 €), para a organización de programas para a dinamización lingüística polo importe total de MIL

OITOCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (1.875,87 €), de conformidade ao seguinte desglose:

<i>Nº factura</i>	<i>Proveedor CIF</i>	<i>Concepto</i>	<i>Importe € sen IVE e con IVE</i>	<i>Aprobación por Resolución de data de</i>
<i>Alcaldía e pagamento</i>				
11/2015	LAR DOS CONTOS 34948379V	Obradoiros interculturais dentro das XI xornadas interculturais	495,87 600,00	10/06/2015 11/06/2015
1	TEATRO CADAQUEN G36585388	Actuación e presentación do entroido 2015	300,00 300,00	30/03/2015 14/03/2015
2015/02	AURIA ESPECTACULO S.C. J32449431	Sonido de Scarnal 2015	680,00 822,00	30/03/2015 14/04/2015
006/15	DINAMO B70084272	Dinamización festa infantil de entroido	400,00 482,00	30/03/2015 14/04/2015

Segundo.- Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican.

Terceiro.- Que de conformidade coa memoria redactada polo técnico municipal, Estanislao Graña García, co desenvolvemento do programa para a dinamización lingüística deuse cumprimento á finalidade da subvención concedida.

Cuarto.- Que para esa mesma finalidade non foi solicitada nin obtida subvención de ningunha outra entidade pública ou privada; polo que o único importe que se vai percibir para esta actividade é o concedido a través desta subvención."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Cultura, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención concedida para organización de programas para a dinamización lingüística.

D) SOLICITUDE DE "ALONDRAS, C.F." S/AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA CELEBRACIÓN DA "FESTA DA SALCHICHA"

Visto o escrito presentado o día 29.9.15 por L. G. C., en representación de "ALONDRAS, C.F.", no que solicita autorización municipal para o evento que se indica:

"Que o 'Alondras, C.F.', ten previsto desenvolver, como en anos anteriores, a 'Festa da Salchicha' os días 30-31 de outubro e 1-2 de novembro, para recadar fondos destinados as súas categorías base.

Que tense previsto instalar unha carpa na esplanada sita ó lado da Pista Multideportiva da Alameda Nova (achégase deseño da situación).

Que precisamos de vostedes a axuda en loxística para dispor de puntos necesarios de luz e auga para o recinto.

E polo que, SOLICITAMOS:

Que tendo por presentado este escrito, se conceda a pertinente autorización municipal e a colaboración loxística necesaria para desenvolver dito evento."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda conceder autorización ao "ALONDRAS, C.F.", para a celebración da Festa da Salchicha' os días 30-31 de outubro e 1-2 de novembro do ano que andamos, así como prestar a colaboración que sexa necesaria e na medida do posible. Así mesmo, autorízase a instalación de carpa, que deberá realizarse na esplanada de Ojea ao igual que a edición anterior.

E) INFORMES DO DEPARTAMENTO DE XESTIÓN DE INGRESOS S/OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA COA INSTALACIÓN DE MESAS E CADEIRAS

E.1) OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA NA AVDA. MONTERO RÍOS, Nº11 (BAR LICENCIA 45)

Visto o informe emitido o día 2.10.15, polo Departamento de Xestión de Ingresos Municipal, no que se indica o seguinte:

*"DEPARTAMENTO DE XESTIÓN DE INGRESOS
INFORME DA INSPECCIÓN*

*ASUNTO: TERRAZA NA AVDA. MONTERO RÍOS, Nº11 (BAR LICENCIA 45)
A X.G.L. do día 3 de agosto de 2015 autoriza a M. P. N., como titular do café-bar 'LICENCIA 45', para a ocupación de vía pública de 8,00 m2., con mesas e cadeiras PEGADAS Á FACHADA do seu local na Rúa Montero Ríos, nº 11, do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2015.*

A autorización ven condicionada a que respecte o paso de peóns, así como, a deixar libres as entradas de accesos ás vivendas e comercios colindantes.

Está inspección informa que hai instalada terraza pegada á fachada do establecemento e as mesas e cadeiras que están no fronte non teñen autorización (achégase deseño)."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade do informe transcrito anteriormente emitido polo Departamento de Xestión de Ingresos Municipal, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Ordenar ao Sr. M. P. N., como titular do café- bar 'LICENCIA 45', á retirada inmediata da ocupación de vía pública instalada na Avda. Montero Ríos, nº 11, por non cumprir coas condicións impostas na autorización concedida na Xunta de Goberno Local do día 3.8.15.

SEGUNDO.- Que polo Departamento de Xestión de Ingresos, se emita a correspondente liquidación pola ocupación de vía pública realizada por parte do Sr. M. P. N.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado, advertindo que, en caso de incumprir a orde sinalada no apartado primeiro, terá lugar a execución subsidiaria do artigo 98 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, a costa do obrigado e que se incoará o correspondente expediente sancionador por infracción administrativa grave en materia de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras, o cal poderá conlevar unha sanción de entre 601 a 1200 euros.

E.2) OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA DA HAMBURGUESERÍA "OBELIX"

Visto o informe emitido o día 15.9.15, polo inspector da Policía Local, no que se indica o seguinte:

"Nº REX: 1516/15

ASUNTO:TERRAZA DO "OBELIX"

A Policía Local de Cangas con relación a escrito de denuncia pola ocupación con terraza á entrada do edificio. Infórmase unha vez feita unha inspección que ten dúas mesas con cadeiras colocadas ao bordo da beirarrúa, deixando un pasillo libre entre estas e o edificio, permitindo o paso de acceso.

Pode ser que o que se denuncia no escrito pasara nos días das festas."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade do

informe transcrito anteriormente emitido polo departamento da Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Requirir ao propietario da hamburguesería "OBELIX" para que se limite á superficie de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras concedida por esta Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO.- Que polo Departamento de Xestión de Ingresos, se emita o correspondente informe onde indique se a ocupación de vía pública realizada por parte do propietario da hamburguesería "OBELIX" é a correcta.

E.3) OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA DE TABERNA "DOS CHATA"

Visto o informe emitido o día 2.10.15, polo Departamento de Xestión de Ingresos Municipal, no que se indica o seguinte:

"DEPARTAMENTO DE XESTIÓN DE INGRESOS

INFORME DA INSPECCIÓN

ASUNTO: TERRAZA EN RÚA SARALEGUI, Nº 28 (TABERNA DOS CHATA)

A X.G.L. do día 6 de xullo de 2015 autoriza a J. Á. L.P., como titular da Taberna 'DOS CHATA', para a ocupación de vía pública de 23,00 m2., CUNHA TARIMA DESMONTABLE, con mesas e cadeiras en Rúa Saralegui, Nº 28, do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2015.

Está inspección informa que, a data de hoxe, hai instalada unha tarima na fronte do establecemento para terraza (achéganse fotos)."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade do informe transcrito anteriormente emitido polo Departamento de Xestión de Ingresos Municipal, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Requirir ao Sr. J. Á. L. P., como titular da taberna "Dos Chata", para que, de selo o caso, solicite a ampliación da ocupación de vía pública cunha tarima desmontable instalada en Rúa Saralegui, nº 28, por ter excedido o período de autorización da instalación.

SEGUNDO.- Que polo Departamento de Xestión de Ingresos, se emita a correspondente liquidación pola ocupación de vía pública, realizada por parte do Sr. L. P.

E.4) OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA DE CAFETERÍA/PASTELERÍA "IGLESIAS"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda que por parte da Xestión de Ingresos se emita informe respecto da ocupación de vía pública,

con mesas e cadeiras, por parte da cafetería/pastelería "IGLESIAS", realizada en Rúa Félix Soage, por non ter realizado solicitude para autorización municipal da referida instalación.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente